



**Procedemento:** Convocatoria e selección de persoal laboral temporal ao servizo da Corporación

**Número de expediente:** 311/2022

**Asunto:** Resolución da Alcaldía procedendo á modificación do tribunal no procedemento de selección. Conductor de Motobomba

Á vista da convocatoria de selección publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 146 en data do 28 de xuño de 2022, co obxecto da creación dunha bolsa de emprego para a contratación temporal de tres condutores de motobomba para traballos de prevención e defensa contra incendios forestais.


Visto o Decreto de Alcaldía Núm. 2022-0367 de data 13 de xullo de 2022 no que se aproba a lista de admitidos, o nomeamento do tribunal de selección e a data de exame.

E examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, e o artigo 21.1.g), da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local,

### RESOLVO

**PRIMEIRO.** Modificar a composición do tribunal de selección por imposibilidade de asistencia dun dos vogais designados no Decreto de Alcaldía Núm. 2022-0367 de data 13 de xullo de 2022, quedando coa seguinte composición:

- **Presidente:** Ana María Méndez Enríquez, AEDL do Concello da Fonsagrada
- **Vogais:** Emerio Camiño Fernández, empregado do Concello de Pol  
Elvira De Dios Pérez, empregada do Concello de Castroverde





Armando Alvarez Rodríguez, empregado do Concello de Negueira de Muñiz

- **Secretaria:** María Jesús López López, auxiliar administrativa do Concello da Fonsagrada.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou a resolución no prazo dun mes de conformidade cos artigos 123 e 124 LPAC, ou ben interpor directamente recurso Contencioso-Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo (artigo 8 Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa) , no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei da xurisdición Contencioso-Administrativa.

*En A Fonsagrada\_ na data indicada ao marxe*

O Alcalde-Presidente

*Carlos López López*

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**

